

ASUNTO: Solicitud de impartición de materias na PDA do curso 2016/17

Infórmo/a de que, o Consello de Goberno, na súa sesión do 12 de febreiro de 2016, aprobou os Criterios de elaboración da Programación Docente Anual (PDA) para o curso 16/17 .

Neste documento establécese que, como todos anos, os centros elaborarán unha proposta de PDA das titulacións de grao a partir das horas asignadas aos títulos de grao que teñen adscritos, indicando a distribución en grupos e os departamentos responsables.

Como novidade para este curso, o documento establece que **“No caso de adscribir unha materia a un departamento diferente ao que impartía dita materia no curso 2015/16, debe informarse do cambio aos departamentos implicados”**.

Tamén se indica que **“os departamentos poderán solicitar aos centros a adscrición de materias que non tiñan asignadas no curso 2015/16**. A solicitude, debidamente xustificada, debe ademais comunicarse á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado”.

Como queira que os centros teñen ata o 4 de marzo de 2016 para elaborar e aprobar a PDA na Xunta de Centro, no caso de que o seu departamento queira solicitar a impartición dunha materia que non tiña asignada no curso 2015/16, debe facelo antes da aprobación da PDA na Xunta de Centro correspondente. A solicitude debe dirixirse ao dito centro, enviando copia da mesma a esta vicerreitoría.


Reciba un saúdo cordial,

Vigo, 18 de febreiro de 2016

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado



Ana Graña Rodríguez



SRES/AS DIRECTORES/AS DE DEPARTAMENTO